

ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL EN GALICIA PARA O ANO 2012. CONVOCATORIA (DOG 9 de xaneiro de 2012)

1-REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO:

- Nacionalidade española/ certificado de rexistro cidadanía comunitaria/tarxeta cidadán Unión Europea/ tarxeta residencia en España
- Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a inscrición(unidades de competencia de nivel I) ou 20 (unidades de competencia nivel II e III)
- Ter experiencia laboral relacionada coa competencia profesional (3 anos cun mínimo 2.000 h. nos últimos 10 anos para u. c. nivel II e III e 2 anos cun mínimo 1.200 h en total para u. c. de nivel I)
- Ter formación relacionada coas competencias profesionais (200 h para u. c. nivel I ou 300 h para u. c. nivel II e III nos últimos 10 anos antes da convocatoria)
- Non estar matriculado nin cursando un curso de FP, nin para o emprego conducente á acreditación de competencias inscritas.
- Non ter completado un curso de FP nin de formación para o emprego das competencias inscritas.
- As persoas maiores de 25 anos que non poidan xustificar documentalmente a experiencia ou a formación , poderán ser admitidas presentando algunha proba admitida en dereito.

2- DOCUMENTACIÓN

- A Experiencia laboral xustifícase cos seguintes documentos:

A. Para traballadores e traballadoras asalariados.

a.1. Vida laboral, emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade laboral en que se teña afiliación, onde conste **a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.**

a.2. Contrato de traballo ou certificación da empresa en que se adquirira a experiencia laboral, **onde se reflicta especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida e o período en que se realizara a devandita actividade.**

B Para traballadores/-as autónomos ou por conta propia:

b.1. Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña, dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente.

b.2. Descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que esta se realizou.

C Para voluntarios ou bolseiros.

Certificación da organización onde se prestara a asistencia, onde consten especificamente as actividades e as funcións realizadas, o ano no que se realizaran e o número total de horas dedicadas a elas.

2. Xustificación da formación.

Para as competencias profesionais adquiridas a través de vías non formais de formación, a xustificación realizarase mediante documento que acredite que a persoa candidata posúe formación relacionada coas unidades de competencia que se pretenda acreditar.

En cada certificado achegado deberán constar os contidos e as horas de formación, a entidade que expide o certificado e o título da actividade de formación. No caso de ter realizados estudos parciais para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade pertencente a plans de formación extinguidos, débese presentar o correspondente certificado expedido polo centro oficial responsable.

3- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN:

- **MODELO DE SOLICITUDE:** A solicitude de participación no procedemento farase a través do seguinte enderezo. <http://www.edu.xunta.es/acreditación>.

*Cada participante cubrirá unha **única** solicitude. Poderá elixir **unha ou varias unidades de competencia** das que se convocan, sempre que estean **incluídas nun mesmo ciclo formativo** e se desenvolvan nunha mesma **sede**.*

A solicitude xerada pola aplicación e cuberta en todas as súas seccións deberase imprimir para a cúa presentación.

- **LUGAR DE ENTREGA DA SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN:** Na **secretaría dos centros onde se vai desenvolver o proceso** según o ANEXO II da orde da convocatoria especificada anteriormente.

Xunto coa solicitude, deberase presentar a seguinte **documentación:**

- Historial profesional e/ou formativo de acordo co currículo europeo.
- Calquera outra documentación de carácter laboral e/ou formativo que sirva como proba potencial da competencia que se pretenda demostrar.
- A presentación da fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou autorización de residencia, ou de residencia e traballo, en vigor en España, só será necesaria en caso de que a persoa solicitante non autorice a consulta de datos no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

- **PRAZO DE PRESENTACIÓN:** 16 xaneiro- 15 febreiro de 2012
- **PUBLICACIÓN LISTAXES SOLICITANTES:** 16 de Marzo na páxina web: <http://www.edu.xunta.es/fp> e en cada sede
- **EMENDA DE DOCUMENTACIÓN:** os 10 días seguintes á publicación anterior.
- **PUBLICACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL DE PERSONAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS** a partir 30 marzo.
- **RECLAMACIÓN A LISTAXE:** 10 días naturais seguintes á data publicación da lista.
- **PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA** a partir de dous meses dende o remate do prazo presentación solicitudes

Os candidatos admitidos pasarán ás fases de asesoramento e avaliación e os non admitidos quedarán en reserva para posibles abandonos ou renuncias.

4- FASES DO PROCEDEMENTO

1º : **Asesoramento:** Terás un asesor que te acompañará e aconsellará para que teñas máis posibilidades de superar a fase de avaliación. Nesta fase o asesor axúdache a achegar todas as probas para defender a túa competencia profesional: proxectos, traballos realizados, certificados oficiais de estudos (poden ser incompletos ou extinguidos), informes... Tamén realizarás un test de autoavaliación

-Empeza o día seguinte da publicación das listaxes definitivas e rematará nun prazo máximo de dous meses.

-Obrigatoria e presencial (As persoas que non asisten perden o dereito a participar na fase de avaliación).

-Dúas sesións: a 1ª grupal e a 2ª individual.

-Expedición de **informe** de conveniencia de pasar a fase de avaliación.

De acordo co contido do **informe**, o asesor/a aconsellarate sobre o teu pase á seguinte fase de avaliación e comunicarache:

- En que unidades de competencia te poderías avaliar con probabilidades razoables de éxito, porque presentaches evidencias de competencia abondo.

-En caso negativo, suxerirache a formación complementaria que deberías realizar e os centros onde poderías recibila.

A partir da información do asesor/a, se che interesa e che convén, podes decidir:

- Pasar á fase de avaliación. Considera que, aínda que o informe do asesor/a sexa negativo, podes decidir voluntariamente pasar a esta fase.

- Realizar a formación complementaria suxerida polo asesor/a.

2ª : Avaliación de competencia profesional

Obxecto: demostrar as competencias profesionais para as que solicites a acreditación. Ten a seguridade de que se empregarán os métodos de avaliación máis apropiados ás túas características como candidato/a

Terase en conta as evidencias indirectas obtidas a partir da información achegada pola persoa e as evidencias directas a través dos métodos de avaliación que se consideren necesarios.Os métodos a empregar son:

- Entrevista profesional.
- Probas profesionais de competencia.
- Simulación de situacións profesionais
- Observación no posto de traballo.

.Dende o remate da anterior e antes do 31 de xullo.

-Publicación dos resultados: <http://www.edu.xunta.es/fp..>

-Entrega dun informe individualizado.

3ª : **Acreditación de competencia profesional.** Nesta fase entregarás unha acreditación de cada unha das unidades de competencia unha vez que superes o proceso de avaliación.

A acreditación dunha ou máis unidades de competencia obtidas por este procedemento ten, por lei, efectos acumulables, o cal quere dicir que, como candidata/o, poderás conseguir, completando a túa formación, o correspondente título de formación profesional ou certificado de profesionalidade.

Realizaraa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que recoñecerá as unidades de competencia acreditadas. A Consellería de Traballo e Benestar recoñeceraas. Estas acreditacións concedidas terán carácter oficial e validez académica e profesional en todo e Estado.

5-¿QUE VANTAXAS TEN PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL?

As principais **vantaxes** de participar neste procedemento son as seguintes:

- Pode favorecer que manteñas e mellores o teu emprego.
- En caso de estar desempregada/o, poden aumentar as túas posibilidades de emprego.
- Facilitáche a formación ao longo da vida.
- Podes progresar nos teus estudos profesionais,e mesmo realizar estudos técnicos superiores.
- Recoñécese a túa experiencia laboral e a formación adquirida por vías non formais.
- Coñeces mellor cales son as competencias profesionais que posúes con relación á túa cualificación e posto de traballo.
- Podes obter unha titulación oficial relacionada coa túa profesión.

Unha das finalidades principais do procedemento é a motivación dos traballadores para a aprendizaxe ao longo da vida. Por este motivo, un dos seus resultados é un plan de formación individualizado para a mellora da túa cualificación. Ao concluír todo o procedemento, as administracións competentes informarán sobre as túas posibilidades de formación:

- Para que completes a formación que te leve a obter un título de formación profesional e/ou un certificado de profesionalidade.
- Que che permitan acreditar en convocatorias posteriores as competencias profesionais non demostradas.

No Departamento de Orientación do centro, poderás obter máis información sobre este proceso e sobre a documentación a presentar.

Esta convocatoria aparece publicada no DOG do luns, 9 de xaneiro de 2012

En Monterroso a 24 de xaneiro de 2012.